

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014982	EEl O Grupo	Marín	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	8
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	10
o) Outros apartados	10

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

O obxectivo fundamental da etapa de educación infantil é facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo o pleno desenvolvemento de súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e de unha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supor unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso ao exercicio do dereito a educación.

Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor. A sociedade no se conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

O currículo establecido no Decreto 150/2022 do 8 de setembro basease na potenciación dos aprendizaxes por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Establécense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van a supor un importante cambio nas tarefas para o alumnado e propostas metodolóxicas innovadoras.

Para a elaboración de esta concreción curricular tomase como referencia a finalidade da etapa de EI: contribuír ao desenvolvemento integral e harmónico do alumnado, buscando un equilibrio entre as dimensións físicas, emocionais, sexuais, cognitivas, comunicativas, motrices, afectivas, sociais e artísticas para potenciar a súa autonomía persoal e a creación de unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo, baseándonos na educación en valores cívicos para a convivencia.

Propóñense os seguintes obxectivos:

- Descubrir e desenvolver o coñecemento do seu propio corpo e o de outras persoas; explorando as súas posibilidades de acción e limitacións e aprendendo a respectar as diferenzas
- Aproximarse a aceptación e adquisición de hábitos básicos de saúde e benestar.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas para poder comunicar as súas emocións e tamén formarse unha imaxe positiva e axustada de si mesmo.
- Fomentar as relacións cos demais en igualdade, e adquirir progresivamente as pautas e normas elementais de convivencia e relación social.
- Exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia
- Desenvolver as súas habilidades comunicativas e expresivas facendo uso dos diferentes linguaxes e formas de expresión ou de calquera sistema alternativo ou aumentativo da comunicación.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social e desenvolver as súas habilidades cognitivas
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais e para comprender e interpretar o mundo que lle rodea
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e escritura, no movemento, o xesto e o ritmo.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, pondo de relevancia as mulleres e homes que realizaron aportacións importantes a nosa cultura e a sociedade.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018.

A procura de un enfoque competencial é unha constante referente na selección das aprendizaxes, impregnándose de un matiz funcional e expresándoos en termos de uso. As aprendizaxes están orientadas a proporcionar ao alumnado, dende os diferentes ámbitos da experiencia, as oportunidades para adquirir un desenvolvemento integral.

Dende esta concreción curricular séntanse as bases para un futuro desenvolvemento e afianzamento das competencias, con un traballo contextualizado e funcional que debe impregnar os diferentes ámbitos de traballo e que terá continuidade na Educación Primaria.

O profesorado deberá buscar o equilibrio entre o que as nenas e os nenos poden facer por sé mesmos, e aquilo que se pretende que adquiran, integrando as aprendizaxes en contextos reais, e en estreita colaboración coa familia e demais profesionais que interveñen no proceso educativo durante todo o período de escolarización.

Nesta etapa de Infantil séntanse as bases para futuros aprendizaxes de crecente complexidade relacionados coa comunicación, a autonomía persoal ou a socialización, e onde se debe proporcionar ao alumnado un adecuado apoio para minimizar as dificultades e poder alcanzar un desenvolvemento pleno.

Dende esta perspectiva a intervención educativa debe traballar as competencias de xeito interdisciplinar:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Nesta etapa de educación infantil, máis se cabe que noutras etapas da vida, séntanse as bases de futuros aprendizaxes, atendendo progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e a os hábitos de control corporal, as manifestacións da comunicación e da linguaxe, e a as pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e as características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, usarase unha linguaxe que sexa non sexista e libre de prexuízos e estereotipos.

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír. Débense incluír dende tódolos ámbitos da vida diaria, na cotidianidade: educación para o consumo responsable e sostible, a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables...

Favorecendo que os nenos e nenas adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

A a Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, recolle no Artigo 1 os principios e fins da educación:

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación ...

Os docentes, formadores dos adultos do mañá, temos a responsabilidade de fomentar no noso alumnado unhas actitudes e uns valores que sexan positivos para si e para nós, dado que influímos no futuro colectivo.

Para poder comprender mellor o que significa traballar os elementos transversais, precísase comezar por diferenciar e coñecer que se entende por valores, actitudes e normas.

Valores: aquelas calidades irrealis, independentes do suxeito e de carácter absoluto, que polo aprecio que se lle outorgan confírenselles a categoría de valor. Atribúeselles tres dimensións: obxectiva (ser e valer por si mesmos), subxectiva (cando representan un interese para a persoa), social (referente ás aspiracións dun colectivo determinado).

Os valores distribúense en tres ámbitos definidos:

- Valores familiares: fan alusión aos valores da familia, o que esta considera que está ben ou mal.
- Valores persoais: son os valores que cada persoa considera indispensables e que a través deles encamiña a súa vida e as súas relacións cos demais.
- Valores socioculturais: son aqueles que definen a sociedade no momento en que vivimos.

Por conseguinte, os valores son bens estimables ligados ás necesidades humanas, sendo determinantes para o comportamento humano, tanto da súa conduta como das súas actitudes persoais.

Ademais, atópanse relacionados coas motivacións, xa que a conduta humana estímase a través das necesidades e intereses que ten unha persoa. Con todo, non podemos obviar a compoñente social destes valores, posto que a

propia sociedade ten un sistema de valores que contan cunha dobre dimensión na propia sociedade, a individual e a social.

Para considerar que unha persoa está adaptada, os valores individuais e os sociais deben ser coincidentes, desembocando en conflitividade se esa concordancia non se consegue.

Actitude: é a disposición que desexamos espertar no alumno para que adquira un valor. En certo xeito, podemos dicir que as actitudes derivan dos propios valores, posto que son unha inclinación para comportarse dun certo xeito ante determinadas circunstancias, marcándose ditas preferencias de actuación por medio daqueles valores que se estableceron no propio individuo.

Obviamente, a educación proporciona ao alumno certo sistema de valores (igualdade, tolerancia, ...) pero, mentres que estes non sexan asumidos como propios, será difícil que entren a formar parte do sistema de valores que utiliza un alumno/a para emitir xuízos sobre un determinado feito e actuar en consecuencia. De aí a complexidade da educación en valores pois non basta coa simple exposición dos valores ou en mostrar o valor desde a obxectividade, necesítase a interiorización por parte de cada persoa. Para conseguir esta interiorización do valor por parte do alumnado, xogan especial importancia aquelas experiencias ou sentimentos que o alumno ou alumna teña en relación con ese valor.

Norma: é o que define o que se espera dos membros dun grupo (se falamos de norma colectiva), tanto en canto ás súas actitudes como en canto ás súas accións. Como é natural, a aceptación de ditas normas será máis rápida canto menor sexa o conflito que haxa cos valores ou actitudes establecidos nos alumnos. En todo caso, trátase dun proceso progresivo.

As normas non son só aquelas que están explícitas senón tamén aquelas outras implícitas e que non están ligadas directamente á actividade do centro educativo. É innegable o efecto educativo das normas na escola pois estas mostránlles aos alumnos/as o modo en que deben comportarse, tanto na aula como no centro.

No momento de considerar que valores ou actitudes debemos fomentar nos alumnos/as, teremos que ter en conta as normas do centro posto que non tería ningún sentido fomentar valores que fosen contra elas.

A educación en valores pódese definir como un proceso de desenvolvemento e construción persoal. Significa atopar espazos para que o alumnado sexa capaz de elaborar de forma racional e autónoma os principios de valor, principios que lle van permitir enfrontarse de forma crítica á realidade, ademais de achegalos a costumes e comportamentos relacionados coas normas que fagan súas, de maneira que as relacións cos demais estean orientadas por valores como a xustiza, a solidariedade, o respecto e a cooperación.

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado, é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír. Débense incluír desde todos os ámbitos da vida diaria, na cotiandade: educación para o consumo responsable e sostible, a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables, ... Favorecendo que os nenos e nenas adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente, tratando de abordar os seguintes contidos significativos,:

- Autoestima e aceptación dun mesmo.
- Autocrítica para recoñecer os propios erros e corrixilos, alén da valoración das propias actuacións de cada momento.
- Responsabilidade persoal, con autocontrol do propio comportamento.
- Autonomía e iniciativa individual.
- Discriminación entre os comportamentos apropiados e os que non o son.
- Expresión de afecto e colaboración cos compañeiros.
- Respetto polos demais, polo material e polas instalacións do centro.
- Valoración da importancia da conservación da Natureza, dos animais, e do consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- Valoración positiva da diversidade, evitando situacións de discriminación sexual, racial, relixiosa, cultural, e da igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- Educación para a saúde e hábitos de estilo saudables, para a educación emocional e afectivo sexual.
- Educación para o fomento da creatividade, o espírito científico e o emprendemento.
- Defensa dunha cultura de Paz, que lle permita resolver pacificamente os conflitos, e afastada dos estereotipos bélicos (debuxos animados, películas, publicidade e xoguetes).

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

Dende unha perspectiva competencial, a intervención educativa debe considerar prioritario un traballo baseado nos seguintes principios:

Inclusión educativa, como valor imprescindible que debe rexer a práctica docente, nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.

Traballo coordinado entre os distintos profesionais que interveñen co alumnado e a familia, propiciando un intercambio constante de información e colaboración, facilitando así a transferencia das aprendizaxes a os diferentes contextos.

Atención aos aspectos relacionais e afectivos. A actuación educativa debe ser individualizada e personalizada dentro dun clima de seguridade, confianza e afecto. O desenvolvemento afectivo e emocional é inseparable do desenvolvemento intelectual e da construción das aprendizaxes. Esta motivación mobiliza e estimula moitos procesos de aprendizaxe, ao tempo que favorece a intervención en condutas desadaptadas.

Xogo como recurso de aprendizaxe e desenvolvemento. O xogo é unha fonte de aprendizaxe, tanto por o atractivo que resulta para as nenas e nenos como por a variedade de situacións que se poden presentar, ofertar ou xerar. Proporcionando situacións variadas e suficientes para despertarles o interese e o disfrute con sentido lúdico.

Exploración como forma de aprendizaxe. O ser humano comeza a explorar dende os primeiros meses de vida, nestes inicios experimenta coas súas mans e a boca, para pasar posteriormente a interesarse por outras partes do seu corpo ou a mostrar interese por os obxectos que ten redor.

Desenvolvemento integral da personalidade do alumnado para o desenvolvemento na sociedade.

Axuda dun tránsito eficaz das distintas etapas educativas, co fin de evitar fragmentacións, propondo para elo unha continuidade e tratamento vertical, compartindo criterios e acercando posturas.

Para a planificación das aprendizaxes desta concreción será necesario por en práctica situacións de aprendizaxe variadas en contextualización e funcionalidade, proporcionándolle ao alumnado as axudas materiais e persoais necesarias que permitan, no maior grado posible, a consecución dos obxectivos propostos. As situacións de aprendizaxe plantexadas terán un carácter eminentemente lúdico, tendo en conta o uso de apoios en caso de que sexan necesarios.

A practica docente debe basearse nas experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, na experimentación e no xogo. Neste senso, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre sí, por o que se requirirá un plantexamento educativo que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. A estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no Anexo II do Decreto 150/2022 do 8 de setembro, para cada unha das áreas. Así mesmo, se velará por garantir dende o primeiro contacto unha transición positiva dende o entorno familiar ao escolar, así como a continuidade entre ciclos e entre etapas.

Débase favorecer que os nenos e nenas se divirtan e experimenten situacións de disfrute e benestar a través da exploración, a acción e a participación. Trátase de aplicar os procesos de aprendizaxe máis adecuados a cada situación curricular concreta, mediante a proposta de unha determinada secuencia de actividades que fagan cada vez máis «competente» a o noso alumando a medida que desenvolven o seu nivel de autonomía.

Débense incorporar talleres, que respondan as necesidades e motivacións do alumnado e amplíen o carácter experiencial e manipulativo das aprendizaxes (talleres de alimentación, mercadillos...).

Con respecto a distribución espacial da aula, as zonas ou espazos de traballo deben dar resposta tanto a os intereses do alumnado como ao seu desenvolvemento psicoevolutivo.

Nas diferentes zonas ou recunchos debe facerse visible a finalidade da tarefa plantexada, de tal forma que o alumnado coñeza qué debe facer e para qué, e favorecendo o intercambio comunicativo.

Como docentes debemos orientar a nosa labor tendo en conta aspectos que amosen respecto ao noso alumando:

- O neno/a aprende actuando, polo tanto debe fomentarse a súa actividade e participación na aula.
- Aceptarase e fomentarse a necesidade expresiva e comunicativa do alumno/a.
- Aceptar o dereito do alumnado a equivocarse, á frustración e a desenvolver autonomamente (coa mediación do mestre) as estratexias necesarias para asumir os erros e aprender deles.
- Aceptarase e fomentarse a iniciativa dos alumnos/as na proposta de tarefas a desenvolver na aula, facéndoos deste xeito partícipes do seu proceso de aprendizaxe. O mestre terá tamén que *¿amo-sar¿* as diferentes posibilidades de exploración e traballo, máis alá das motivacións e posibilidades coñecidas polo alumno/a (abrir o seu campo de actuación).
- Adecuarase a linguaxe empregada cos alumnos/as á súa idade e características, sen caer no tecnicismo excesivo nin na linguaxe simplona que infravalore as súas posibilidades como seres dotados de intelixencia e dun alto

potencial de aprendizaxe.

- Establecerase cos alumnos/as unha relación afectiva e de complicidade sen esquecer, en nin-gún caso, que os mestres temos unha función educadora evitando ocupar a figura do/a amigo/a. Crearase un clima de confianza mutua na aula.
- Fomentarase todo tipo de tarefas que supoñan o traballo en grupo, colaboración e respecto aos demais, sempre dende unha visión democrática e participativa do alumnado, lembrando que a función socializadora da escola é a máis importante da educación infantil.
- Empregaranse, segundo a organización e dinámica das aulas sempre que sexa posible, dinámicas de traballo cooperativo, especialmente nos proxectos de traballo e outras tarefas didácticas.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O material didáctico na etapa de educación infantil é una ferramenta moi importante e debe estar moi coidada a súa selección e elección posto que os materiais e os recursos utilizados contribúen a facilitar a aprendizaxe, estimular a función dos sentidos, habilidades, actitudes e destrezas.

Os recursos e materiais pódense clasificar en:

Recursos físicos: aulas de nivel, aula de inglés, aula de usos múltiples, biblioteca e TICS (en todas hai paneis dixitais e ordenador), aula de AL, sala de mestres con ordenadores, fotocopiadoras, impresoras, escáner, plastificadora, guillotina, ... patio de recreo con cespced artificial e zona de plantar e xogos (tobogáns, casiña, castelo,...), ximnasio (pantalla para películas e proxeccións, micrófonos, altofalantes, mesa de mesturas, material de psicomotricidade (colchonetas, aros, picas, pelotas).

Recursos e material de refugallo: (envases de leite, zume, botellas, vasos de iogur, tubos de papel de cociña ou papel hixiénico). Material achegado pola familia: fotos, refráns, receitas de cociña, información cara os proxectos da aula, ...

Material de aula:

a) Funxible: papeis de diferentes cores e texturas, folios, cartolinas, ceras, pinceis, témperas, pegatinas, rotuladores, cola, xiz, ...

b) Non funxible: material para ambientar a aula e recantos (árbore, calendario, murais, mascota de aula, corpo humano, números, carteis, tarxetas de nome, fotos, pictogramas, rutinas, láminas secuenciadas, rótulos de accións, lugares e obxectos, semáforo, xogos dixitais interactivos, contos, lotos sonoros). Materiais utilizados en actividades plásticas en diferentes recantos. Biblioteca de aula, biblioteca de centro (con préstamos semanais e a mochila viaxeira, que roda semanalmente). Material de xogo simbólico: tenda, cociña, perruquería, crebacabezas, disfraces, É importante subliñar outro tipo de material, aquel que atopamos nas saídas extraescolares. Estes son materiais e recursos da propia natureza: follas, froitos, cunchas, sementes, paus, area, pedras, e, ás veces, mascotas...

Contamos tamén coa colaboración de editoriais, concello, grupos de conta contos, Biblioteca Pública, Museo Torres, policía, Salón do Libro, obras de teatro e musicais no auditorio Afundación de Pontevedra.

Recursos persoais: persoal docente e non docente que leva a cabo o seu traballo no centro, dende o conserxe (cedido por o concello a tempo parcial), limpadoras, mestres, titores, mestres especialistas e de actividades extraescolares, coidadora, familias, o persoal da ANPA e todos aqueles que, dalgún xeito, colaboran e axudan á normal actividade do centro.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Non procede na etapa de Educación Infantil.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, traballos de campo, saídas, conmemoracións e outras semellantes.

Desempeñan unha función fundamental na formación integral do alumnado e no centro, e estarán orientadas a cumprir os seguintes principios:

- Estarán planificadas nas respectivas programacións docentes

- Formarán parte da planificación do proceso de ensino-aprendizaxe e terán en conta as indicacións curriculares.
- Fomentarán a participación activa do alumnado afondando na súa curiosidade e buscando que sexan intelectualmente estimulantes.
- Fomentarán o compañeirismo, a coeducación e respecto á diversidade dos demais.
- Estarán sempre a cargo dun mestre/a que será o responsable da mesma, sen prexuízo das fun-ións atribuídas ó coordinador do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias do centro.
- Nas saídas o alumnado contará coa autorización por escrito dos titores legais.
- Son de aplicación as indicacións realizadas ao respecto nas NOFC do centro.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Non procede na etapa de Educación Infantil.

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Non procede na etapa de Educación Infantil.

#### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

Os criterios de avaliación recollidos nos diferentes ámbitos están referidos a os aprendizaxes que debe alcanzar o alumnado, atendendo as súas posibilidades e características persoais, correspondendo ao profesorado a selección dos elementos curriculares que mellor se axusten a súa programación. Teñen como finalidade servir de guía para a identificación dos aprendizaxes adquiridos e para valorar de forma obxetiva o progreso na adquisición das competencias que lles permitan integrarse na sociedade e continuar aprendendo. Deben servir como punto de partida da práctica na aula e para a revisión da propia práctica docente.

#### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Non procede na etapa de Educación Infantil.

#### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Principios para a elaboración das programacións de ciclo e aula

As programacións de ciclo, atendendo ao indicado na lexislación vixente e sen prexuízo das indicacións que estableza a inspección educativa, incluírán polo menos os seguintes apartados:

- Introducción
- Obxectivos de áreas e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Contidos
- Criterios de avaliación
- Orientacións metodolóxicas
- Materiais e recursos
- Medidas de atención á diversidade
- Procedementos e instrumentos de avaliación



- Actividades Complementarias e Extraescolares,
- Concreción do Plan de Convivencia e do Plan das TICS.
- Practica docente: procedemento de avaliación do proceso de ensino aprendizaxe, indicadores de logro e seguimento e propostas de mellora.

Serán programacións abertas e flexibles, susceptibles de variacións ao longo do curso.

Os apartados que deben incluír as programacións de aula serán acordados polo Equipo de ciclo de Educación Infantil, respectando sempre o establecido polo PE, o orientador do centro e a normativa vixente.

As exposicións feitas en canto á consecución dos obxectivos respectarán sempre o ritmo evolutivo do alumnado.

Incluíranse actividades e tarefas que permitan respectar os diferentes ritmos, así coma o xogo e descanso das nenas e dos nenos, que supoñan unha participación activa do alumnado facendo protagonistas do seu proceso de aprendizaxe.

Estableceranse apartados específicos para Relixión Católica e Lingua Inglesa sen que isto supoña que non sexan integradas de xeito global na programación. Indicaranse pautas de actuación co alumnado que non opte pola materia de Relixión Católica, seguindo as indicacións feitas nesta concreción curricular.

A metodoloxía axustarase ao indicado nesta concreción curricular, e deberá atender á diversidade de todo o alumnado. As programacións incluírán medidas de actuación para o alumnado NEAE (necesidade específica de apoio educativo) contando coa colaboración do Orientador do centro.

Incluíranse as canles de información, coordinación e colaboración coas familias, así como outras que permitan a participación delas na vida escolar.

Estableceranse vías de coordinación co primeiro ciclo de Educación Primaria, coa finalidade de que o proceso de ensino-aprendizaxe entre ambas etapas sexa un continuo e non supoña unha ruptura entre ambas.

Seguimento e avaliación das programacións

O seguimento das programacións levarase a cabo polo Equipo de Ciclo nas reunións do mesmo que se celebran mensualmente. O Equipo de ciclo realizará unha avaliación continua das programacións didácticas, reformándoas e incluíndolles as melloras que sexan precisas na procura da consecución das intencións educativas expostas.

Ao finalizar cada curso realizarase unha avaliación final da posta en práctica das programacións, establecendo recomendacións de mellora para o vindeiro curso. Estas incluíranse na memoria final de ciclo, e serán postas en práctica nas elaboracións e /ou reelaboracións das programacións didácticas ao comezo do seguinte curso escolar.

Para avaliar a propia programación didáctica teranse en conta os resultados académicos do alumnado e tamén os aspectos recollidos na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe.

Esta avaliación realizarase, polo menos, despois de cada sesión de avaliación dos alumnos, tendo en conta os resultados da mesma, é dicir, unha vez por trimestre. Pero en calquera momento pode avaliar-se e introducir os cambios que se consideren necesarios.

Alguns dos aspectos a avaliar serán: a coherencia da programación, se os tempos e os espazos se axustan ao que se pretende conseguir, o uso da metodoloxía, a adaptación á diversidade do noso alumnado, se conseguimos a motivación dos mesmos, a elección e o emprego dos materiais didácticos, as canles de colaboración coas familias, a concreción dos distintos planes do centro...

Cada mestre decidirá os instrumentos que utilizará para levar a cabo a avaliación da súa programación.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

A administración educativa recoñece a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes. Dentro do exercicio desa autonomía o centro leva a desenvolvemento diferentes Plans e Proxectos que aparecen reflectidos no Proxecto Educativo.

Para seleccionar os Plans e Proxectos faise preciso ter en consideración criterios coma:

- Adecuación ao Proxecto Educativo do noso centro
- Promovan estilos de vida saudables
- Desenvolvan as competencias clave
- Desenvolvan un clima positivo
- Reforcen o traballo colaborativo e cooperativo

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Revisar a concreción curricular e unha tarefa que se levará a cabo de xeito anual, e terase en conta as características dos diferentes grupos, a normativa vixente e a situación social na que nos atopemos.

Avaliarase e modificaranse todos aqueles aspectos que se consideren precisos na procura da mellora educativa.

## **o) Outros apartados**

### **1. Saídas habituais pola contorna**

Dende o centro procuramos implicar tanto o noso alumando como as familias na contorna próxima e fomentamos e participamos actividades:

- lúdicas
- ensino aprendizaxe
- aprendizaxe servizo
- convivencia